

# REGULAMENTO DA PROBA

## URBAN BLUE RUN

### **Art. 1 INFORMACIÓN XERAL**

A EMPRESA DEPORTIVA GLOBALDXT PONTEVEDRA, organiza esta primeira edición do URBAN BLUE RUN, que pretende poner en valor o camino azul con que conta o Concello de Pontecaldelas. Esta é unha proba na que os participantes poderán percorrer nunha distancia de 8 km, un percorrido que mezcla asfalto e tamén sendeiros de fácil tránsito. O sendeiro azul que acompaña ó río Verdugo, é dunha beleza extraordinaria pretende facer as delicias de todos os participantes.

### **Art. 2 PERCORRIDO**

O percorrido ten unha distancia de 5km para os adultos e percorre por zonas asfaltadas e por sendeiros de fácil carreira. O percorrido publicase na páxina e no facebook da proba.

Os rapaces realizarán distancias menores en función da súa categoría.

### **Art. 3 INSCRIPCIÓN**

As inscricións abranse o 19/07/2017 e pecharanse o 15/08/2017. Estas inscricións teñen un importe de 8 euros (ive incluído), incluíndo neste prezo o control de tempos a todos os participantes coa empresa emesports. Os nenos/as Terán unha tarifa de 3 euros(ive incluído)

A idade mínima para participar na proba son 18 anos cumpridos antes do día da mesma. Aqueles participantes que teñan entre 16 e 18 anos de idade poderán participar con AUTORIZACIÓN ESCRITA dos seus titores legais. A participación dos rapaces/as é dende os 4 anos ata os 15 anos de idade.

Soamente aceptaranse inscricións pagadas, é dicir, NON EXISTE a posibilidade de pre-inscrición de pago ao recoller o dorsal.

O pago soamente pode realizarse por internet con tarxeta de crédito a través da pasarela de pago seguro proposta pola organización. Excepcionalmente, a organización poderá habilitar un lugar físico de inscrición, aspecto que daríase a coñecer a través da súa páxina web [www.globaldxt.com](http://www.globaldxt.com)

As inscricións consideraranse definitivas polo que no **caso de non poder participar non se realizará á devolución da inscrición EN NINGÚN CASO.**

As inscricións son estritamente persoais e intransferibles, non poden ser utilizadas por outra persoa diferente á inscrita. Non é posible a substitución de un participante por outro, excepto por causa grave xustificada remitindo un correo á organización,

#### A) **Art. 4. CATEGORÍAS**

**Categorías Nenos/as** ( nesta categoría non hay premio ós primeiros clasificados. Todos os participantes recibirán agasallos)

- De 4 a 6 anos
- De 7 a 10 anos
- De 11 a 15 anos

**Categorías adultos:**

- ABSOLUTA MASCULINA
- ABSOLUTA FEMININA
- JUNIOR ( nacidos en el 1998/97); masculino e feminino
- PROMESA: ( 94/95/96); masculino e feminino.
- SENIOR; desde 93 hasta que teñan 35 anos de idade
- VETERANOS A: desde 35 a 45 anos
- VETERANOS B: desde os 46 anos de idade

#### **Art. 6. PREMIOS/AGASALLOS**

- Esta é unha proba na que recibirán agasallo os tres primeiros participantes de cada unha das categorías. Os rapaces/as reibirán TODOS un agasallo de participación

#### **Art. 7. QUÉ OFRECE O PAGO DA INSCRICIÓN**

- a) A participar no percorrido
- b) A ter un sistema de control de tempos con chip (adultos)
- c) A ter un avituallamento sólido/liquido final de ruta
- d) A poder optar polos agasallos final de proba
- e) Ducha final de proba
- f) Servizo de gardarroupa

## **Art. 8. SEGURO**

Nesta proba se establece un **seguro de accidentes** para os participantes inscritos.

### **IMPORTANTE:**

A participación na proba está baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes. O participante no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente apto para a proba. O seguro de accidentes, soamente cubre ACCIDENTES e non calquera tipo de incidente. Os médicos sanitarios, en caso de que sexa preciso, trasladarán ao participante ao centro concertado coa compañía de seguros, onde valorarán se a circunstancias do traslado é un accidente provocado na competición ou un incidente. Isto seralle comunicado ao participante.

## **Art. 9.RECOLLIDA DE DORSAIS**

A recollida de dorsais realizarase na CASA DE CULTURA DO CONCELLO DE PONTECALDELAS, o sábado 19 de agosto dende as 18:00 horas ata as 20:00 horas.

Para recoller o dorsal deberas presentar o DNI e asinar unha folla de compromiso na que o participante comprométese a devolver o chip de cronometraxe (agás no caso de chips de usar e tirar). Poderá recollerse o dorsal de algún compañeiro/a presentando fotocopia do seu DNI no momento da recollida.

Todo participante deberá levar, de forma obrigatoria o dorsal co chip.

Todo participante que non leve colocado de xeito visible o dorsal será excluído do percorrido por membros da organización ou polas forzas da orde públicas.

O dorsal co chip é un artigo persoal e intransferible. A persoa inscrita soamente poderá participar co dorsal que lle foi asignado e acepta non permitir o uso do mesmo a outras persoas.

## **Art. 10. AVITUALLAMENTOS**

Contarase cun avituallamento sólido/líquido ó finalizar a ruta

## **Art. 11. CONTROL DE TEMPO**

O control de tempo realizarase de xeito electrónico mediante o uso de chip. O sistema de control de tempo demostrou a súa total fiabilidade,

## **Art. 12. SERVIZOS MÉDICOS**

A organización disporá, durante o desenvolvemento da proba e de xeito permanente dun cadro de médicos, ambulancias e SVB móbiles,

## **Art. 14. SEGURIDADE**

A Xefatura Provincial de Tráfico, Garda Civil, Policía Municipal, Protección Civil e voluntariado, velarán pola seguridade da marcha.

Todos os participantes, deberán observar escrupulosamente as disposicións que a lei de Seguridade Vial e o seu Regulamento

Cada participante, ao inscribirse na marcha, reconece ter lido a totalidade do regulamento e con elo asume os riscos inherentes á participación nunha proba deste tipo, ao tempo que exclúe á organización de toda a responsabilidade, por calquera incidencia ou accidente derivado da participación da mesma.

## **Art. 15. ACCIDENTES E PÉRDIDAS**

A organización non se fai responsable de ningún accidente do que poidera ser causa o vítima o participante, quen deberá estar cuberto polos seguros propios da proba, como tampouco se fai solidario dos gastos nin das débedas que poideran contraer os participantes durante a marcha. O participante exime á organización de responsabilidade por perda ou deterioro de obxectos persoais por calquera circunstancia.

## **Art. 16. MODIFICACIONES E DEREITO DE ADMISIÓN**

A organización resvase o dereito a realizar as modificacións oportunas, cando por algún motivo o estime necesario. E asemade, resvase o dereito de admisión.

## **Art. 17. MEDIO AMBIENTE**

A marcha desenrolarase na súa maior parte por paraxes de excepcional beleza natural, polo que será obriga de todos preservar o entorno evitando arroxar desperdicios fora das áreas de control.

DESCALIFICARASE DA PROBA a todos aqueles participantes que arroxen desperdicios fóra das zoas habilitadas. Calquera voluntario, retiralle o dorsal e o chip, o que suporá que están FORA DA PROBA e por tantos de tódos os seus servizos.

## **Art. 18. DEREITO DE IMAXE**

A aceptación do presente regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización da proba URBAN BLUE RUN – Desafío Rías Baixas á grabación total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de todos os xeitos posibles (radio, prensa, vido, foto, dvd, internet, carteis, medios de comunicación, etc...), e cede todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.

## **Art. 19. SUSPENSIÓN DA PROBA**

A organización non asumirá ningunha responsabilidade se o evento suspendese ou apraza por causas de forza maior, ou comunicación das autoridades competentes.

## **Art. 22. ACEPTACIÓN**

O mero feito de inscribirse nesta proba, supón a aceptación do presente regulamento e a renuncia a tódos os dereitos contra a organización, renunciando a toda acción legal que poidera derivarse da súa participación na proba.

## **Art. 23. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOALS**

A empresa GLOBAL DXT PONTEVEDRA, garante o pleno cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, e así, dacordo coa Lei Organica 15/1999, o asinante queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existente na empresa e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias da mesma.

A política de privacidade de GLOBAL DXT PONTEVEDRA lle asegura, en todo caso, o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na lexislación vixente, mediante escrito dirixido a GLOBAL DXT PONTEVEDRA, co enderezo na r/ Echegaray, nº 20 – 5º A de Pontevedra, sendo responsable do ficheiro GLOBAL DXT PONTEVEDRA S.L. con enderezo a estos efectos no enderezo anteriormente indicado.

O asinante acepta que poidan ser cedidos os seus datos exclusivamente para aquelas actividades encamiñadas ao correcto funcionamento da xestión e administración interna da empresa GLOBAL DXT PONTEVEDRA. Asemade, o asinante acepta que a empresa GLOBAL DXT PONTEVEDRA S.L., dirixa información sobre calesquera produtos, xestións ou servizos que poidasn comercializar. A aceptación do asinante par que poidan ser tratados ou cedidos os seus datos no xeito establecido neste parágrafo, ten sempre carácter revocable, sen efectos retroactivos, conforme ao que dispón os artigos 6 e 11 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro.